

NORMAS DE PROTECCIÓN ANTE A COVID-19 QUE SE VAN LEVAR A CABO NOS PROGRAMAS DEPORTIVOS

- Nas actividades deportivas que se necesite o uso de esteira (pilates, ioga, ximnasia de mantemento...), cada usuario/a deberá levar a súa propia esteira de uso individual, e recoméndase que cada usuario/a traia a súa toalla.
- O uso de máscara estará regulado pola norma xeral de sanidade no ámbito da Comunidade Autónoma galega. A día de hoxe, é obrigatorio o seu uso en centros deportivos pechados, exceptuando a práctica de actividades que requiran utilizar pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas e sempre que a ocupación máxima da pista se axuste ás regras do xogo ou á actividade deportiva e tendo en conta os protocolos aprobados para a dita instalación.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Non se poderá compartir alimentos, bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberase limpar as mans cos hidroxeles que estarán dispoñibles para o efecto e lavarase con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcolico, incluso entre tarefas dentro de cada actividade, nos momentos establecidos polos monitores.
- Non está permitida a asistencia de público ás clases das escolas deportivas.
- Estará prohibido usar os vestiarios nas instalacións deportivas. Deberase acceder á instalación coa roupa deportiva que se precise para realizar a actividade deportiva, xa que os vestiarios permanecerán pechados.
- Deberá absterse de acceder á actividade se se presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa covid-19. Deberase tomar a temperatura no domicilio antes de desprazarse á instalación e absterse de acceder si supera os 37'5º.
- As actividades poden verse condicionadas polos protocolos sanitarios asociados á covid-19.
- Cumpriranse as normas específicas que marquen os distintos protocolos específicos de cada instalación.